

## **EXTRACTO DA CONVOCATORIA**

### **CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROL DA NATALIDADE NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.**

Extracto das bases da convocatoria aprobada en Xunta de Goberno celebrada o día 16 de setembro de 2021 pola que se convocan subvencións destinadas ao fomento da natalidade no Concello de Boqueixón no ano 2021.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na páxina web municipal (<https://www.boqueixon.gal>) e na Sede Electrónica deste concello (<https://sede.boqueixon.es>).

#### **1. Obxecto e finalidade das axudas.**

O obxecto destas bases é regular a convocatoria pública por parte do Concello de Boqueixón para a tramitación e concesión de subvencións destinadas ao fomento da natalidade no Concello no ano 2021. Así mesmo a finalidade é a concesión de axudas a familias para sufragar parcialmente os custos derivados do nacemento e/ou acollemento ou adopción de nenos/as empadroados no Concello de Boqueixon.

Esta axuda económica tamén ten por obxecto apoiar ao comercio local, polo que o gasto das familias teranno que efectuar nas empresas radicadas no municipio de Boqueixón.

#### **2. Natureza xurídica.**

Esta axuda ten carácter de subvención e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

#### **3. Beneficiarios/as.**

Estas axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das nenas e nenos nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021 e empadroados no concello de Boqueixón.

O artigo 5 das bases reguladoras recollen os requisitos e obrigas das persoas beneficiarias.

#### **4. Gastos subvencionables. Importe e financiamento.**

Son gastos subvencionables os relacionados no artigo 5, punto 1).

Importe máximo da convocatoria: 8.000 euros.

As subvencións concedidas financiaranse con recursos propios municipais con cargo á aplicación orzamentaria 231.489.00 do orzamento municipal.

Período subvencionable: do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021.

#### **5. Prazo e forma de presentación de solicitudes.**

O prazo e forma de presentación de solicitudes está recollido no artigo 7 das bases da convocatoria. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía telemática a través da Sede Electrónica do concello de Boqueixón (<https://sede.boqueixon.es>), utilizando o modelo normalizado de solicitude dispoñible na mesma.

#### **6. Procedemento de concesión.**

O procedemento de concesión da axuda é o de concorrencia non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

## **7. Prazo de xustificación.**

Os prazos de xustificación aparecen recollidos no artigo 5 das bases reguladoras destas axudas.